

RECTIFICAR RECUPERAR RECOÑECER

A CONSELLARÍA
DEBE
RECTIFICAR

O PROFESORADO
MERECE
RECUPERAR

A CONSELLERÍA
DEBE
RECOÑECER



Profesorado en loita!

Profesorado en loita!

RECTIFICAR, RECUPERAR, RECOÑECER

Rematamos o pasado curso escolar poñendo en evidencia, máis unha vez, a situación que atravesamos o profesorado do ensino público galego, situando o foco en tres ideas forza que consideramos fundamentais para romper o muro de desconsideración cara ao persoal docente imposto polo goberno da Xunta: RECTIFICAR, RECUPERAR, RECOÑECER.

RECTIFICAR

Exiximos que a Consellaría rectifique e dea por superado un acordo pactado cunha minoría sindical que obtivo un rexeitamento maioritario do profesorado galego nas mobilizacións e folgas dos dous cursos pasados. Un acordo da vergoña que nin deu resposta ás xustas demandas do persoal docente nin supuxo un avance real dun ensino público castigado polo PP desde a Xunta. Mais non é a Xunta a única que debe rectificar: quen romperon a unidade sindical, construída ao redor da demanda da redución do horario lectivo de 18 e 21 horas en secundaria e primaria respectivamente no ano 2019, cun ciclo mobilizador roto pola pandemia e finalmente desfeito polo pacto sindical de outubro de 2023, tamén deben rectificar e pedir desculpas ao profesorado. CCOO, ANPE e UGT son cómplices necesarios da situación actual. Se se din sentir enganados pola Xunta que se fagan unha idea de como se sente o profesorado con eles. Reconstruír unha unidade sindical nestes momentos é imposible, porque primeiro tería que darse un paso por parte destes sindicatos que non están en disposición de dar: desvincularse do acordo e unirse ás mobilizacións por unha mellora real das condicións laborais docentes.

RECUPERAR

Exiximos a recuperación do que nos corresponde

como profesorado: **o noso horario lectivo anterior á crise e unha redución das ratios de aplicación inmediata en todas as ensinanzas** e non axeitada unicamente ao devalo demográfico e aos intereses economicistas da Xunta. Tamén merecemos respecto no noso día a día: deixar sen aplicar as poucas medidas do acordo de 2023 coas que a CIG-Ensino, total ou parcialmente amosou a súa conformidade, como o caso das ratios nas aulas mixtas ou a redución de ratios con alumnado con discapacidade en todas as etapas, é un exemplo de indignidade da administración.

RECOÑECER

Exiximos recoñecemento da función docente favorecendo as tarefas propiamente didácticas, freando a burocracia, facilitando desdobres e garantindo medios para atender á diversidade, todas elas demandas unánimes dun sector profesional cada vez máis queimado e menos recoñecido pola administración educativa.

Como afirmou a nosa secretaria nacional, Laura Arroxo, “*se comeza o vindeiro curso sen rectificacións por parte da Consellaría, sen valorizarnos e sen avances na baixada de ratios, na recuperación do horario lectivo, na atención á diversidade e na eliminación da burocracia continuaremos coas mobilizacións sen descartar ningunha medida*”.





A MOBILIZACIÓN, MÁIS NECESARIA CA NUNCA

O contexto no que nos movemos é de sobra coñecido, malia que haxa organizacións sindicais que parezan ignoralo por completo. Nin estamos no 2019, cando existía unidade sindical para defender a redución de horarios, nin estamos no 2023 cando reaccionamos con contundencia contra o acordo da vergoña e cun PP contra as cordas e ás portas dunhas eleccións autonómicas nas que se xogaba todo. Nin estamos neses momentos nin estamos fóra da realidade galega, por moito que haxa quen amosa sorpresa de que noutras comunidades houbera mobilizacións no 2025 que **no caso galego xa iniciamos no 2019**.

Precisamos partir da nosa realidade, cun PP botado ao monte que segue cunha política de recortes desaforada (este mesmo curso eliminou as licenzas por formación retribuídas) e cuns sindicatos

entregados e sen propósito de emenda. Definir o momento e deseñar a reacción, con rigor e con mobilizacións que busquen aglutinar unha maioría do profesorado que nin se vende nin se rende. Este e non outro é o traballo que temos por diante, a CIG-Ensino como sindicato maioritario e o profesorado que defende con dignidade os seus dereitos.

Por último, non imos perder un minuto en entrar no xogo con sindicatos que parece que descubriron agora que é máis cómodo mobilizar polas redes sociais e por correos masivos ao profesorado, repetindo erros xa cometidos por outros, sen que estas estratexias beneficiaran a ninguén. Quen queira loitar polo ensino público e polo seu profesorado que se arremangue e se poña a traballar.

Todas as forzas serán benvidas.



A CIG-Ensino alerta de novos recortes na atención á diversidade e insta a aumentar o persoal especialista

A Consellaría publicou o 26 de xuño, sen previo contraste nin negociación coa representación legal do profesorado, unhas **instrucións para o actual curso escolar** que inciden na liña que ultimamente caracteriza a administración educativa galega: recortes en recursos humanos, unilateralidade na toma de decisións e imposición de controis de carácter político sobre as necesidades de persoal especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe nos centros.

Control político, falta de transparencia, aforro de persoal e alumnado desatendido

O novo sistema de tramitación e control das peticións dos centros supón, na práctica, **eliminar o concurso específico de prazas de atención preferente que, sendo un parche, permitía un mínimo control sindical e por parte dos centros**, ao se coñeceren con antelación as prazas a ofertar. Nalgunhas convocatorias de cursos anteriores foron tidas en conta numerosas solicitudes propostas pola CIG a instancias dos centros educativos. Agora elimínase esa posibilidade.

A comisión que decidirá se se conceden máis especialistas de PT e AL é claramente de carácter político, ao estar **composta por tres altos cargos de libre designación**. No “trío comisionado” inclúese a Enrique Prado Cueva, subdirector de Inspección quen, entre outras “lindezas” denigra o profesorado, cualificándoo como “clase ociosa que só espertará se ve perigar o seu posto de traballo e os seus privilexios” e que considera a inclusión educativa como unha “presión curricular” que “debería ser analizada con moito coidado”, evitando “os principios inoperantes do progresismo”.

Non se recolle un mínimo de transparencia nas decisións que se toman **nin se articulan mecanismos de control** sobre as resolucións que se adoptan, **relegando por completo a estrutura da orientación educativa, tanto a dos centros educativos como a dos equipos específicos**. Mesmo se deixa nun lugar secundario ás inspectoras e inspectores, de quen só se afirma que se lles poderá solicitar información adicional.

Incrementátese a burocracia para as direccións e para os departamentos de orientación (nos centros nos que os haxa), xa que realizarán unha parte do traballo que até o de agora levaba cada inspección provincial. Unha medida como esta reforza as afirmacións constantes do profesorado e das denuncias da CIG de que **non só non se reduciu a burocracia senón que se vai a galope desbocado no seu incremento**. Nin se dotan de máis recursos ás direccións, nin se crean departamentos de orientación en todos os centros, nin se cumpre coa recomendación da UNESCO de contar con un ou unha profesional deste tipo por cada 250 alumnos e alumnas.

A dotación “extraordinaria” limitase ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE).

Nada se di do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), que engloba outros perfís (altas capacidades, trastornos da linguaxe, alumnado migrante recién chegado...) e ao que en moitas ocasións non se dá atendido polo insuficiente número de docentes especialistas de AL e PT. De novo, como no texto do acordo sindical da vergoña, case todo se centra (mal e arrastro) no alumnado con discapacidade ou dependencia recoñecida ou con trastornos graves de conduta sen que se garanta o incremento de persoal para outras necesidades.

A proposta da CIG-Ensino

- **A publicación dunha listaxe con todas as prazas que se prevén autorizar “extraordinariamente”** o seguinte curso, dando un prazo para que os centros poidan alegar o que consideren.
- **A negociación desas prazas, como vacantes provisionais que son, nas xuntas de persoal**, identificándoas e diferenciándoas do resto (xubilacións, liberacións por outros cargos ou responsabilidades etc...)
- **A dotación de máis especialistas de PT e AL definitivos en todos os centros**. Neste sentido a CIG-Ensino lembra que o acordo do 8 de xuño de 2007, asinado pola CIG-Ensino e actualmente en vigor, supuxo un incremento fundamental de docentes nas escolas de infantil e primaria e recolle que “naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa

específica **poderanse incrementar os catálogos en función do número e tipo de necesidades, especialmente de PT e AL**". Isto só se levou a efecto no **ano 2018** cando, logo dun estudo realizado pola CIG-Ensino, desvelando as enormes carencias e a elevada provisionalidade de persoal de PT e AL nos centros, conseguiuase un incremento de novas prazas

Secundaria, FP e outras ensinanzas: as peores condicións laborais desde hai décadas

Calquera docente que leve traballando desde hai máis de 4 cursos pode ver o deterioro das condicións laborais no ensino público tras o breve espellismo que se produciu durante a pandemia, coas aulas burbulla e os desdobres autorizados excepcionalmente. Mais se hai unhas ensinanzas especialmente castigadas nos últimos quince anos, desde a recuperación do goberno da Xunta, tamén despois dun breve espellismo de 3 anos de bipartito, son as de Secundaria e Bacharelato. Non é ningunha "boutade" declarar que desde o franquismo non se traballa nunhas condicións tan pésimas e os datos de xubilacións anticipadas ao chegar aos 60 anos de idade corroboran esta afirmación.

Non por repetido deixa de ser dramático. **Galiza é a única comunidade do Estado, mesmo por detrás doutras gobernadas polo PP máis reaccionario, que queda sen recuperar o horario lectivo das 18 horas en secundaria, FP e outras ensinanzas, que sempre tivo o profesorado destas etapas.** Isto ten enormes repercusións na calidade do ensino: **maior impartición de afíns para completar horarios de 20 horas, ratios elevadísimas de estudantes por docente que poden superar os 200, menor convocatoria de prazas definitivas nos Concursos de Traslados** por tomar como referencia horarios completos para a súa oferta, **menos prazas tamén para o concurso-oposición** e, loxicamente, **menor tempo para a coordinación pedagóxica e o traballo en equipo** dentro dos centros educativos.

Ademais, a atención á diversidade e as problemáticas que hoxe en día hai nas aulas non teñen nada que ver sequera coas de hai 10 anos, época álxida dos recortes de Feijóo e Rajoy. **O número de protocolos, trastornos ou condutas disruptivas que é preciso xestionar, de alumnado migrante recién chegado con necesidade de integración non só académica, e de conflitos dentro das aulas e coas familias incrementouse na mesma proporción que o de baixas médicas por estrés, ansiedade e outras condicións de saúde**

definitivas nos centros. O camiño para mellorar a atención á diversidade pasa precisamente por dotar os centros con máis profesionais de PT e AL e de orientación con carácter fixo, evitando os "parches" temporais aos que nos ten acostumadas esta administración.

mental entre o profesorado. O desprezo da administración, e dos sindicatos asinantes do acordo que non recolleron nin unha soa medida para este persoal, así como o control asfixiante da inspección a respecto de programacións, sistemas de calidade, avaliacións... fai que a profesión docente sexa cada vez menos atractiva mesmo en especialidades nas que a formación universitaria estaba moi dirixida a este eido laboral.

A LOFP e a súa aplicación por parte da Xunta: a liquidación da calidade da FP que tanto custou

Outra das grandes damnificadas polas políticas educativas, neste caso do Ministerio e da Xunta, é a Formación Profesional, uns **estudos que acadaran prestixio e recoñecemento social grazas á dedicación do seu profesorado** nos últimos anos e que **foron vítimas da súa privatización e burocratización paulatina até a estocada final que supuxo o desenvolvemento da Lei Orgánica de FP.** Unha norma que nun primeiro momento non semellaba tan lesiva pero que finalmente polo novo deseño curricular dos ciclos, coa formación en empresa ocupando a cuarta parte da súa duración e a incorporación de módulos transversais en detrimento dos profesionais, vai supoñer unha importante merma na formación do alumnado.

As decisións da Xunta, no ámbito competencial que ten, non fixeron máis que agudizar este empeoramento e as consecuencias serán especialmente visíbeis este curso. A aposta desaforada pola FP dual intensiva, malia ser rexeitada polo alumnado dado que sempre quedan prazas desertas; a escolla do inglés como módulo optativo en lugar de aproveitar para reforzar as competencias profesionais de cada ciclo e a creación da figura de profesorado asociado para "colocar" profesionais das empresas na docencia reducir os custes de persoal son tres medidas que a Consellaría de Educación tomou sen ningún diálogo nin negociación coa representación sindical.

Censura ou autocensura: como a ultradereita manexa a Consellaría de Educación

NON Á CENSURA. NON NOS CALARÁN! O berro alto e claro que a CIG-Ensino promoveu e se estendeu en moitos centros e entre a maioría do profesorado no final do pasado curso escolar debe ter continuidade neste 2025-26, condicionado pola deriva reaccionaria da Consellaría de Educación. Os cambios introducidos nas Instrucións para o desenvolvemento deste curso, publicadas no DOG do 14 de xuño, teñen relevancia nas formas polas maneiras que apuntan, obrigando a que a inspección sexa informada de calquera cambio na PXA e a que estes cambios só se poidan producir por causas “moi excepcionais”. Estamos diante dunha estratexia calculada para controlar o que se fai nos centros escolares, poñendo en cuestión a súa autonomía pedagóxica, pedra angular do sistema educativo. Porén, ten unha maior relevancia no fondo, xa que o que se pretende é amedrentar, condicionar e, por tanto, conseguir a autocensura ou censura previa do profesorado.

As Instrucións en vigor non deben impedir nin alterar o sistema de traballo que temos nos centros, cunha PXA viva e flexíbel aos continuos cambios que poden ter lugar ao longo do curso. Para iso, profesorado en xeral, direccións en particular e toda a comunidade educativa representada no Consello Escolar deben facer valer o seu papel central, evitando caer na trampa tendida por unha ultradereita presente e con peso na Consellaría de Educación.

Non podemos admitir o “control político” na nosa actividade docente. Un control especialmente preocupante se pensamos en que quen dirixe a Inspección, coa beizón e apoio decidido do conselleiro e do presidente da Xunta, é un señor como Enrique Prado Cueva, que verte as seguintes afirmacións en artigos da súa autoría tal e como se pode consultar en www.nodulo.org:

O profesorado, unha manda de vagos e maleantes: “el profesorado... una nueva clase ociosa de funcionarios que nunca despertará de su sueño dogmático hasta el día en que, de verdad, vea peligrar su trabajo y sus privilegios”.

A inclusión do alumnado, un conto progresista:

“la titulación de un niño con una ACS (Adaptación Curricular Significativa) que afecta de modo notable y muy significativo al currículo y a los objetivos mínimos de etapa es síntoma de un serio problema... La inclusión en aula ordinaria debería ser analizada con mucho cuidado, evitando en la promulgación de leyes los principios inoperantes del progresismo”.

As direccións, a mandar: “La gestión de cualquier tipo (sea pública o privada) nunca puede ser asamblearia ni ejercerse bajo el principio de *primum inter pares*. La función directiva, para ser eficaz, debería de ser llevada a cabo por un cuerpo aparte de directores.”

As mulleres, ao seu: “en general, las mujeres no muestran un interés especial en los deportes de equipo, aunque sí en realizar ejercicio físico”.

O fracaso da educación é por culpa das ideas progresistas: “el fracaso de la educación hace referencia a todas las ideas equivocadas y mitos educativos, sin base racional alguna, que suelen ir unidos a las llamadas ideas progresistas”.

O galego só para falar coas vacas: “Feijoo obtuvo en las pasadas elecciones [polas de 2009] una mayoría clara y contundente que le cualifica para realizar una reforma lingüística de mayor calado. Una reforma en la que la ley no ampare la obligatoriedad del gallego en la enseñanza”.

España, unha, grande e libre: “Al organizar nuestra patria común e indivisible sobre las deficiencias de los estatutos de autonomía, que resultaron ser una técnica político-jurídica para desarticular la nación española, se incubó una crisis constitucional cuyas graves consecuencias vemos ahora”

A negación da democracia: “Lo más sensato sería reformar la constitución... para prohibir los partidos regionalistas y nacionalistas”. Aínda que este individuo ilegalizaría, por exemplo, a CIG-Ensino (organización nacionalista e de clase), o sindicato non está á súa altura de indignidade. **Exiximos que volva para o seu posto de inspector e sexa cesado dun posto político de libre designación que nunca debería ter ocupado quen leva consigo tantas fobias totalitarias.**

Profesorado interino e substituto, nin de usar nin de tirar

Nestes momentos a CIG-Ensino ten en marcha tres vías de reclamación xudicial relativas ao persoal interino e substituto. Unha delas é polo dereito a cobrar os meses de verán para o persoal substituto que traballa cinco meses e medio ao longo do curso escolar. Vista a imposibilidade de superar o bloqueo político sindical imposto pola Xunta e aceptado de facto polas organizacións sindicais asinantes do actual acordo que regula as condicións laborais do persoal interino e substituto, o camiño xudicial parece ser a única opción, aínda que recoñecendo a enorme dificultade que implica, partindo do feito de que sexa unha propia Lei, a de Orzamentos da Xunta, a que dá cobertura legal (sic) a un recorte totalmente inxustificable.

A outra garda relación co abuso iniciado no curso pasado con profesorado contratado só até o 30 de xuño sen que substitúa a ninguén e para facer funcións docentes habituais e estruturais. As contratacións denominadas Plan MEGA abriron un perigoso camiño que se estenderá sen dúbida neste curso e nos vindeiros: empregar fondos que proveñen doutras administracións (Unión Europea e Ministerio de Educación) con carácter finalista (para mellorar a inclusión educativa e para reforzos puntuais) e desvialos para contratos ordinarios. Foi así como no curso 2024/25 se contrataron a 163 mestres e mestras con data de remate de contrato o 30 de xuño e que en todos os casos foron para cubrir postos vacantes. Tal foi así que as prazas figuraban como “interinidade sen substituído”. A trampa da Consellaría está clara: primeiro evita pagar cos seus propios orzamentos a ese profesorado e, por riba, “aforra” dous meses e medio de salario en cada docente.

A terceira ten a ver cunha demanda para que non se sumen as penalizacións por non atender a chamamentos máis alá do ano natural contando que calquera falta leve “caduca” ao cabo de un ano, de acordo co artigo 198 da Lei 2/2015, do emprego público de Galiza que di: “as sancións impostas por faltas moi graves prescriben aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as



impostas por faltas leves ao ano”.

Sexa pola vía xudicial ou pola denuncia e a mobilización a CIG-Ensino caracterizouse sempre por non deixar tirado o persoal interino e substituto, así como por non vender supostas saídas milagrosas. Ese foi, e será o noso compromiso. Que a estas alturas non se acepte por parte dos demais sindicatos que exista unha cláusula de estabilidade que permita garantirlle un posto de traballo ao persoal interino con maior anos de servizo só pode obedecer ao desinterese que teñen amosado historicamente por mellorar as condicións de traballo do colectivo.

Un 14% de prazas desertas nas oposicións e a dificultade para atopar persoal substituto

A esta situación únese un contexto histórico inédito nos últimos anos: a carencia de profesionais para aceptar substitucións nalgúns especialidades fundamentalmente de FP (6 xa non requiren o mestrado para formar parte das listaxes), así como das filoloxías clásicas, galega e francesa ou de matemáticas. Lonxe de aprobar políticas que dignifiquen o traballo docente de forma que conte coas mesmas condicións cando menos do sector privado, a Consellaría continúa con recortes e desprezos e non acomete reformas que son da súa competencia para evitar que ano tras anos medre o número de prazas que quedan desertas nos procesos selectivos. En xullo foron un 14% do total das 1.424 que se convocaron, a oferta máis baixa dos últimos 6 anos. Esta situación contribúe a manter unha taxa de interinidade que favorece a temporalidade en lugar do emprego estábel e que a docencia non sexa atractiva en certas áreas.

Sen novas da “lexislatura do profesorado”

No ecuador da lexislatura estatal constátase que o que se vendeu desde o seu comezo como a “lexislatura do profesorado” é un conto que nestes últimos meses o Ministerio pretende adornar coa creación duns supostos grupos de traballo que non deron nada de si. Tras a insistencia sobre esta parálise o Ministerio comprometeuse a convocar no mes de xullo unha nova reunión sobre as condicións de desempeño docente e enviar antes unha proposta, que finalmente non fixo. Desde a CIG-Ensino reiteramos que todo o que se propoña ten que ter carácter de mínimos, permitindo así marxe de manobra ás comunidades autónomas. Con todo, e dado que a distribución competencial segue deixando determinadas cuestións como o acceso á

función pública ou os réximes de xubilación en mans do Estado, o sindicato nacionalista entende que hai tres cuestións urxentes que abordar que pasan por:

- **redución, con pleno carácter legal, de ratios máximas en todas as ensinanzas, incluíndo as adaptacións necesarias para a atención ás necesidades específicas de apoio educativo.**
- **regulación dun horario lectivo máximo que permita recuperar os dereitos arrebatados a nivel de Estado e que, en Galiza, non se recuperaron.**
- **modificación dos corpos docentes para garantir que todo o profesorado pertenza ao subgrupo A1.**

Publicado no BOE o calendario de aplicación da Lei de Ensinanzas Artísticas (LEA)

O texto, publicado o 9 de xullo, foi previamente debatido na Mesa Docente do Ministerio, na que a CIG-Ensino puxo en evidencia a excesiva demora en cumprir determinados temas apuntados na Lei, como os procesos de integración nos novos corpos de profesorado e cátedras, tanto das ensinanzas artísticas superiores como das profesionais. O RD non incorpora ningunha novidade e así é como quedan as principais cuestións a abordar para desenvolver a Lei:

2025

- Aprobación do calendario de aplicación
- Até **xullo de 2025**: composición e funcións do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas. Xa negociado na Mesa Docente, onde acadamos o compromiso do Ministerio de que a CIG estea presente como sindicato máis representativo en Galiza.

2026

- Até **maio de 2026**: aprobación dos primeiros títulos de grao medio e de grao superior vinculados co Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.
- Até **outubro de 2026**:

- Creación do Rexistro Estatal de Ensinanzas Artísticas Superiores.
- Regulación da estrutura e a organización das ensinanzas de grao e máster
- Aprobación do plan de estudos do máster habilitante para o exercicio docente nas ensinanzas artísticas superiores
- Regulación dos requisitos para a designación de profesorado emérito.

2027

- Até abril de 2027: regulación dos requisitos e procedementos para a expedición dos títulos de grao e máster.
- Até outubro de 2027: aprobación do contido básico dos títulos de grao; das condicións básicas para a creación ou autorización dos centros e do estatuto básico do estudiantado das Ensinanzas Artísticas Superiores.
- Até xuño de 2027: ordenación da función pública docente e do proceso de integración do profesorado dos corpos para extinguir nos novos corpos:
 - Ensinanzas Artísticas Superiores: corpo de cátedras e de profesorado de EEAA superiores
 - Ensinanzas Artísticas Profesionais: corpo de cátedras e de profesorado de EEAA profesionais.

A estafa do pacto sindical estatal: en tres anos perdemos o 2,30% do valor do noso salario

O efecto do “pacto de perdas” 2022-24 súmase a un continuo devalo das retribucións fronte á suba dos prezos: máis dun 20% de desfase en quince anos.

Nas nóminas de xullo e agosto percibimos os atrasos do 0,5% pendente desde xaneiro de 2024. Esa suba forma parte do pacto salarial entre CCOO e UGT e o goberno estatal. O resultado dese pacto, de carácter trienal, supuxo que os salarios subisen no sector público un 9,8% desde xaneiro de 2022. Neste mesmo tempo o IPC subiu un 12,10% (sen contar o que a vida subiu neste ano 2025).

Por iso desde a CIG afirmamos agora coa mesma rotundidade que cando se negociou o pacto que non estaba á altura das expectativas e que non se pode negociar á baixa, como se fixo. O acordo nin serviu para recuperar sequera parcialmente o que nos recortaran desde 2010 nin se blindaban as nosas retribucións fronte a uns prezos que xa naquel momento estaban por riba do pactado.

Por que chegamos a esta situación? Porque quen pactaron non tiveron en conta unha cuestión fundamental: vincular os salarios co IPC, algo que sen ir máis lonxe se fixa por lei coas pensións. Esa foi precisamente a proposta coa que a CIG se sentou á mesa de negociación en 2022 e esa segue sendo a exigencia do sindicato para este ano 2025.

O salario e o goberno, conxelados

Superada xa a metade do ano e cun goberno paralizado en multitude de aspectos mais notoriamente no que ten a ver coas retribucións do sector público, non hai enriba da mesa ningunha

proposta de suba para este ano ou para os vindeiros. Levamos, por tanto, un desfase e unha conxelación de facto de nove meses e non hai ningunha medida anunciada. Unha vergoña.

Así pois, a CIG exige, con carácter de urxencia, a actualización dos nosos salarios con estas premisas:

- **Suba salarial do 5% para este ano 2025, con efectos retroactivos desde xaneiro.** Esta suba implicaría recuperar o desfase do pacto salarial 2022-24.
- **Incorporación dunha cláusula de garantía salarial vinculada ao IPC**, de tal xeito que calquera suba dos prezos ao respecto da suba salarial se compense a finais de ano.
- **Recuperación íntegra das pagas extras, recortadas desde 2010 no salario base e os trienios**, conceptos salariais que dependen do Estado.
- Calquera acordo plurianual debe descansar sobre eses principios fundamentais, así como dun **plan de recuperación do poder adquisitivo perdido nos últimos anos** que, co que levamos deste 2025, xa supera o 20%.

Equiparación salarial de todo o profesorado

A CIG-Ensino defendeu desde o xerme da súa fundación no ano 1974, coa creación da Unión de Traballadores do Ensino de Galiza, un corpo único de ensinantes con igualdade retributiva. Esta demanda mantense vixente nestes intres cando hai menos xustificación para manter a estratificación por corpos tras a integración do Profesorado Técnico de Formación Profesional no corpo de PES. Tal e como xa se indicou, esta será unha das principais esixencias negociadoras a plantexarlle ao Ministerio de Educación no anunciado pero polo de agora frustrado Estatuto Docente.

Ademais, o sindicato seguirá recorrendo á vía da mobilización e da xustiza para acadar outras discriminacións que son claramente inxustas como é o caso do complemento que aceptou pagarlle a Xunta ao PT de FP a extinguir e que lle nega ao Profesorado Especialista de Sectores Singulares da FP malia realizar o mesmo traballo e ter os mesmos requisitos de ingreso.



A CIG-Ensino centra no Protocolo de acoso a necesidade de avances do Plan de Igualdade

Despois de exixir en varias ocasións a intensificación do ritmo de reunións da comisión de negociación, a administración educativa comprometeuse a manter dúas reunións no mes de xullo e a incluír na orde do día o Protocolo de acoso, cuxa urxencia é evidente.

A demora na negociación do Plan tivo como consecuencia que, cumprido xa o ano desde a constitución da comisión, non teñamos aínda unha diagnose sobre a que elaborar medidas correctoras en diferentes materias: retributivas, de conciliación, formación, acceso e promoción profesional, entre outras. Derivado disto, aínda non comezamos a negociar un documento onde se recollan que pasos debe dar o profesorado cando padece situacións que puidesen ser constitutivas de acoso no seu traballo. Como sabemos, estas problemáticas poden derivar da relación entre o profesorado, co equipo directivo, ou coas inspeccións, pero tamén co alumnado e as súas familias. Mención especial merecen os casos de acoso de índole sexual que tamén é necesario abordar canto antes nun sector fortemente feminizado.

Aínda que na última reunión a Consellaría se comprometeu a facilitar o data de antigüidade do persoal docente falta coñecer o rexistro retributivo real no que se manifesten, por exemplo, as medias xornadas e a temporalidade do persoal substituto.

As traballadoras da Xunta poden quedar sen ningunha mellora nos permisos de conciliación

A aprobación por parte do goberno central do incremento en 3 semanas dos permisos de nacemento, adopción e acollemento e de coidados pode quedar en nada se a Xunta “as absorbe” dentro das 22 semanas que teñen as súas empregadas.

No caso da outra persoa proxenitora, maioría homes, si que se beneficiarán desta mellora, pasando das 16 actuais a 19. Porén, a CIG-Ensino está á espera do recurso xudicial presentado ante o Tribunal Supremo após perder unha sentenza, que si gañara nun xulgado de Vigo e que tamén gañara un afiliado da CIG-Autónomica como persoal laboral, na que se conseguira a igualdade do permiso de 22 semanas para a outra persoa proxenitora apelando ao principio de corresponsabilidade.

A CIG solicitará na Mesa Xeral do Empregado Público que **a Xunta aumente a duración do permiso para as súas empregadas até as 25 semanas** para que vexan melloras reais na conciliación. Ademais tamén esixirá, por todas as vías, a negociación, a mobilización e a xustiza, que se retribúa o permiso das 8 semanas por coidados até os 8 anos de idade, dado que o goberno do Estado só asumiu facelo en 2. Tal e como demandou en reiteradas ocasións o sindicato nacionalista, **sen retribución non hai conciliación nin igualdade**, dado que os coidados seguen recaendo maioritariamente nas mulleres.





A CIG participa no proceso **Lingua Vital**

A federación de Ensino, así como a CIG como central sindical, constituíu a finais de xuño en Compostela o proceso social Lingua Vital xunto con outras 60 entidades, colectivos e organizacións de toda Galiza, marcándose como obxectivo “conseguir avances na normalización da lingua galega” e “garantir a súa presenza e oferta en todos os espazos e para todos os usos”, como recollen os diferentes acordos nacionais e internacionais.

O proceso Lingua Vital recolle o malestar amosado pola sociedade galega nas multitudinarias mobilizacións de febreiro e maio de 2025 e de novembro de 2024, cando milleiros de persoas saíron á rúa para denunciar que eses acordos non se están a respectar, que as medidas que indicaban non se aplican e que neste tempo o propio goberno galego chegou a legislar en contra deles, acelerando a tendencia negativa no uso do galego e acadando unha porcentaxe de incapacidade para falalo inédita na historia de Galiza.

As 60 entidades galegas de todos os ámbitos integradas neste proceso comprometémonos, de cara ao primeiro trimestre deste curso 2025/26, a organizar grupos de traballo nos que avaliar de xeito sectorial o grao de cumprimento e efectividade das medidas contempladas no Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galiza. A iniciativa é tamén unha resposta ao boicot da Xunta a dar cabida a estas entidades nos grupos de traballo que constituíu para actualizar dito Plan que, como a CIG, temos moito que dicir canto á normalización do noso idioma.

Un dos obxectivos que nos marcamos é fixar os mínimos que cada entidade social está en condicións de asumir na súa acción diaria, na medida en que poden producir un efecto normalizador no seu ámbito; e, finalmente, a acadar un compromiso de aplicación polas institucións públicas.

Neste sentido a CIG-Ensino porá en marcha ao longo deste trimestre unha campaña en defensa do uso da nosa lingua no ensino público coa que percorrermos todos os centros, chamando ao profesorado a ser protagonista do impulso necesario para o galego e para a galeguización do noso sistema educativo.



RECTIFICAR RECUPERAR RECOÑECER

A CONSELLARÍA
DEBE
RECTIFICAR

O PROFESORADO
MERECE
RECUPERAR

A CONSELLERÍA
DEBE
RECOÑECER



Profesorado
en loita

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal